

## **DOUS SÉCULOS DE LEXISLACIÓN EDUCATIVA EN ESPAÑA (I) 1800-1900**

José Pedro Morais Gallego  
Centro de Formación e Recursos (Ourense)

### **RESUMEN**

Este estudio fai referencia á progresiva incorporación do liberalismo ó sistema educativo español durante o século XIX. Esta implantación comeza coa que é considerada a primeira lei xeral de educación, o *Regulamento Xeral de Instrucción Pública de 1821*, froito á súa vez da Constitución de 1812, e seguiría coa segunda lei xeral de educación, o *Plan Xeral de Instrucción Pública de 1836*. Máis tarde, en 1857, consolidaríase o sistema educativo liberal coa Lei de Instrucción Pública, ou *Lei Moyano*.

A lenta implantación das ideas liberais atoparía o obstáculo do xogo inútil das forzas liberais e conservadoras e da posición da Igrexa.

### **ABSTRACT**

This study takes issue with the progressive incorporation of the ideas of the liberalism to the Spanish educational system during the century XIX. This installation starts with the one which is considered the first general law of education, the General Regulation of Public instruction of 1821, fruit at the same time of the Constitution of 1812 and would follow with the second general law of education, The General Plan by Public Instruction by 1836. Later, in 1857, would be consolidated the liberal educational system with the Law of Public Instruction, or Law Moyano.

### **1. INTRODUCCIÓN**

Como primeira cuestión previa cabe indicar a existencia no mundo da educación da expresión “Dereito Educativo”. Con esta denominación certas universidades hispanoamericanas fan referencia á lexislación educativa.

Na nosa cultura xurídica non cabe o citado termo, posto que o que sería dereito educativo está contido no dereito administrativo que, nun sentido amplo, é concibido como os principios xurídicos e legais que condicionan a actuación do Estado no cumprimento de certos fins de interese xeral.

A educación é un deses fins de interese xeral á que o dereito administrativo dá unha forma xurídica para a súa execución por medio dunha lexislación específica: a lexislación educativa.

Dependendo da concepción política dos que nun momento dado ostenten o poder, esa lexislación educativa modelará a forma de levar á práctica a esa finalidade de interese xeral que é a educación.

En segundo lugar, o presente estudio non pretende sobredimensionar o valor da lexislación. Tal e como afirmaba Luzuriaga (1916) e López (1982), a lexislación é soamente un aspecto da

historia escolar que para ser completa debe ter en conta os ideais que inspiraron as leis e a situación real do ensino, que “pode ser moi distinta do que as normas legais preceptúan” (López, *O. Cit.*, p. 127).

Non obstante, é importante o seu estudio xa que reflicte non soamente os ideais dunha época, senón os intereses dominantes e os conflitos entre os mesmos.

## 2. NACEMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO LIBERAL

Durante o reinado de Carlos IV, entre os anos 1788 e 1808, houbo certa preocupación pola elaboración dun plan xeral de escolas, consecuencia das ideas dos homes da ilustración e das reformas introducidas en Francia durante a revolución. Ningún dos proxectos de plan de reforma chegaría a ser aceptado.

A obra educativa do goberno de José Bonaparte estivo caracterizada pola influencia das reformas napoleónicas e a súa teoricidade lexislativa, posto que o clima bélico inmediato fixo imposible a súa aplicación práctica. A actuación deste goberno centrouse máis ben no nivel secundario de ensinanza, coa creación dos “liceos provinciais” e o esbozo dun sistema de ensinanza profesional de nivel medio e carácter público. Xunto a esta serie de actuacións parciais e illadas pensouse tamén na elaboración dunha normativa xeral dos distintos sectores da educación e instrucción, para o que pola Lei do 28 de xaneiro de 1811 creouse unha Xunta de Instrucción Pública.

Esta Xunta de Instrucción Pública xa tiña o seu antecedente no sector bélico contrario, a Xunta Central, da que era membro Jovellanos, redactor en 1809 das *Bases para un plan xeral de Instrucción Pública*.

O triunfo das ideas liberais plasmado na Constitución de 1812 permitiría abordar por primeira vez a reforma da institución escolar. Esta norma é o primeiro texto legal no que se contén unha planificación escolar da ensinanza elemental. O texto constitucional recolle os grandes principios do liberalismo español en materia de ensinanza: uniformidade, liberdade e centralismo.

Para o desenvolvemento dos principios expostos na Constitución, unha Xunta nomeada a tal efecto presentou á Comisión de Instrucción Pública das Cortes, na sesión do 29 de outubro de 1813, o famoso *Informe para propoñer os medios de proceder á ordenación das diversas ramas de instrucción pública*, de M. J. Quintana.

A Comisión, en 1814 e baseándose nos criterios do Informe Quintana, elaborou o *Dictame e Proxecto de Decreto sobre a ordenación xeral da Ensinanza Pública*, que sentaba as bases e estrutura do ensino público baixo os principios do ensino universal, uniforme, público e gratuíto, si ben non era xeneroso coa educación das mulleres, posto que unha das súas finalidades era establecer “escolas públicas, nas que ensinarase ás nenas a ler e a escribir, e ás adultas as labores propias do seu sexo” (art. 115).

Con relación ó ensino secundario, foi o Informe Quintana o que utilizou por vez primeira a nomenclatura *segunda ensinanza*, constituída naquel tempo polas chamadas latinidade e humanidades. Dicía o Informe que este grao de instrucción tiña por finalidade preparar ós alumnos convenientemente para empezar despois a carreira superior elixida e interesalos nos coñecementos útiles a que debe tender unha persoa civilizada (Ruíz Berrio, 1970).

O proxecto non chegou nin a discutirse nas Cortes, xa que Fernando VII derogou a Constitución o 4 de maio de 1814. Non obstante, ademais de servir de base ás disposicións educativas dos futuros gobernos liberais foi o primeiro intento de construír un sistema educativo nacional e tamén o primeiro deseño dun *currículo* para a ensinanza primaria (López, 1982).

No primeiro período absolutista, dende 1814 ata 1820, soamente houbo un intento de establecer unha ordenación xeral do sistema educativo, os Decretos de Fernando VII do 1 de febreiro de 1815, polos que creaba unha Xunta de Ministros do Consello Real para formar un plan xeral de estudos, pero os acontecementos políticos posteriores e a lentitude nas súas realizacións impediron que a citada Xunta acadara resultados positivos.

Este período supón o retorno da ensinanza ás mans da Igrexa, en especial da ensinanza primaria. Un decreto do 19 de novembro de 1815, de Fernando VII, alegando a insuficiencia de recursos públicos, establecía que “os conventos de tódalas ordes relixiosas ... poden en gran parte suplir esa imposibilidade”.

### 3. TRIENIO 1820-1823. A PRIMEIRA LEI XERAL DE EDUCACIÓN

Este período liberal foi un dos momentos desta etapa histórica no que o traballo legislativo sobre educación foi maior.

Co restablecemento da Constitución de 1812 e da súa ordenación do sistema educativo, promúlgase a que é considerada como a primeira lei xeral de educación, o *Regulamento Xeral de Instrucción Pública*, aprobado por Decreto das Cortes de 29 de xuño de 1821.

Este Regulamento era idéntico ó Proxecto de Decreto de 1814, sendo igualmente restrictivo coa educación das mulleres, que non concibía como universal nin obrigatoria. Dividía a ensinanza en primeira, segunda e terceira, coa coherencia interna propia dun sistema educativo.

A primeira ensinanza era configurada como aquela “instrucción xeral e indiscutible que debe darse á infancia”. A segunda ensinanza comprendería “aqueles coñecementos que ó mesmo tempo que serven de preparación para dedicarse a outros estudos máis profundos, constitúen a civilización xeral dunha nación” (art. 21). A terceira ensinanza “comprende os estudos que habilitan para exercer algunha profesión particular” (art. 36).

Por Decreto de 10 de xullo de 1821 era regulada e organizada a Dirección Xeral de Estudos, como órgano responsable da política educativa, que elaboraría o *Proxecto de Regulamento Xeral da Primeira Ensinanza*, publicado pola Real Orde do 30 de setembro de 1822. Este texto é

considerado como o primeiro punto de arranque dun sistema público e centralizado de ensinanza que establece criterios uniformes en aspectos fundamentais da administración e réxime escolar.

Ademais, o Regulamento anunciaba a publicación dun “*Plan metódico*”, un conxunto de orientacións pedagóxicas de extraordinario interese nos diversos campos do ensino.

Nin o Regulamento nin o *Plan Metódico* chegaron a ser de aplicación efectiva, posto que foron aprobados nos últimos meses do Goberno constitucional. Non obstante, supoñía un grande avance para o caos no que se atopaba por aquel tempo a organización da educación primaria, aínda que introducía no ensino o centralismo de xeito esaxerado (Ruiz Berrio, 1970).

Este período liberal estivo caracterizado por un constante enfrontamento entre os ideais e as limitacións impostas pola realidade: o clima de guerra civil que facía primar os gastos bélicos, as divisións internas entre os moderados e exaltados, a paralización e ineficacia da Dirección Xeral de Estudos, agoniada por asuntos moi particulares e a mesma inaplicabilidade dos seus obxectivos e principios, en especial o da gratuidade (Viñao, 1982).

Tanto nos niveis primario e secundario houbo un escaso crecemento do sector público de ensinanza a causa das dificultades políticas, organizativas e financeiras xa citadas, o que supuxo un certo desenvolvemento da ensinanza privada non relixiosa, sobre todo nos núcleos urbanos.

#### **4. A DÉCADA 1823-1833. CRISE DO SISTEMA EDUCATIVO TRADICIONAL**

A anulación de toda a obra política e lexislativa do trienio tras a volta ó absolutismo en 1823, era unha mera repetición do período 1814-1820: a derogación de toda a lexislación anterior, o predominio eclesiástico nas comisións e xuntas, o control ideolóxico clerical-absolutista e o exilio do profesorado máis identificado coas ideas liberais.

Se o Proxecto de Regulamento Xeral da Primeira Ensinanza de 1822 era o primeiro no seu xénero redactado en España con carácter de lei, o *Plan e Regulamento de Escolas de Primeiras Letras do Reino* de 1825 foi o segundo en importancia no referente ó ensino primario.

Nestas disposicións (*Plan de Calomarde*) regúlanse as materias, métodos, textos, horarios, exames e a disciplina. A participación dos relixiosos escolapios e mercedarios na redacción deste plan tivo moita influencia, como se aprecia no seu articulado, onde se regulan con detalle as prácticas relixiosas que deben realizarse nas escolas.

Da mesma forma que no texto de 1822, fai referencia ás diferentes materias: Catecismo, Aritmética, Gramática e Ortografía, que son reguladas no seu título II, baixo o epígrafe *As materias e libros de ensinanza*. O título III, *Método de ensinanza*, está dedicado esencialmente á lectura e á escritura.

Nos seguintes títulos do Plan regúlase a admisión de alumnos, os días e horas de ensinanza, os exames, os premios e os castigos corporais nos que, sen prohibirse, recoméndase moderación e cordura.

Era prohibida a coeducación e, con relación á ensinanza das mulleres, no se aparta da liña da regulamentación anterior, sendo obxectivo do Plan que “as nenas non carezan da boa educación nos rudimentos da fe católica, nas regras do bo obrar, no exercicio das virtudes e nas labores propias do seu sexo”. Nas escolas de primeira clase, ademais de “ler, polo menos, nos catecismos, e escribir medianamente, se ensinarán as labores propias do sexo; a saber: facer calceta, cortar e coser as roupas comúns de uso, bordar e facer encaixes”. Nas escolas de segunda clase “suprimíranse os encaixes, e o bordado nas de terceira e cuarta” (artigos 197 e 198).

Desde o punto de vista pedagóxico, o Plan de Calomarde resulta regresivo con relación ó seu antecesor, o Proxecto de Regulamento e Plan Metódico de 1822, onde se preconizaba o método simultáneo da ensinanza da lectura e da escritura e prohibía de forma expresa os castigos corporais. Non obstante, ten o valor de ser a primeira disposición que dá certa estrutura á ensinanza primaria en España, xa que tivo unha efectividade de máis de dez anos (López, 1982).

No campo do ensino secundario as realizacións (colexios de humanidades) serían practicamente nulas e obxecto de intentos illados e improvisados, consecuencia dunha falta de acción sistemática, da ausencia dun aparato administrativo tanto a nivel central como periférico e da mesma ambigüidade ideolóxica dos programas e dos organismos públicos responsables. A este período pertence o *Regulamento Xeral das Escolas de Latinidade e Colexios de Humanidades* de 1826.

Non obstante, neste período observouse a necesidade de introducir reformas no sistema educativo tradicional baseándose, entre outros motivos, na vantaxe que podía supoñer a uniformidade legal e o centralismo do sistema liberal de cara ó control ideolóxico.

## **5. IMPLANTACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO LIBERAL. A SEGUNDA LEI XERAL DE EDUCACIÓN**

A consolidación do sistema educativo liberal comezaría no período comprendido entre 1832 e 1836, baixo o predominio político da orientación reformista ilustrada da rexencia de María Cristina, coa introducción dos cambios administrativos e políticos que farían posible unha actuación posterior.

A Rexente pon ó fronte do goberno a Martínez de la Rosa, líder moderado do trienio liberal e, no mandato deste, o 21 de outubro de 1834, publícase a *Instrucción para o réxime e goberno das escolas das primeiras letras*. Este documento viña a modificar certas normas de funcionamento do período anterior e, o máis importante, era o anuncio da futura publicación dun Plan Xeral de Educación Primaria.

Máis adiante, entre 1835 e 1836, camiño dunha implantación decidida do liberalismo daría comezo o proceso de materialización das bases económico-financeiras que farían posible configurar o sistema educativo liberal, concretado na utilización de edificios desamortizados, no control e dedicación a fines educativos unha boa parte das rendas eclesiásticas e a reforma do plan de estudos.

Un Real Decreto de 4 de agosto de 1836, sendo ministro de Gobernación o Duque de Rivas, aproba o *Plan Xeral de Instrucción Pública*.

Este texto é considerado como a segunda lei xeral da educación, despois do Regulamento Xeral de Instrucción Pública de 1821. Divide a ensinanza primaria en elemental e superior e abandona o principio de gratuidade total na ensinanza pública, sendo a ensinanza elemental gratuíta soamente “para os nenos que sexan pobres” (art. 19).

A ensinanza primaria pública elemental comprendería: principios de relixión e moral, lectura, escritura, principios de aritmética e gramática castelá. A superior comprendería ademais: *maiores nocións de aritmética*, principios de xeometría, debuxo, nocións xerais de física, química e historia natural e xeografía e historia, *principalmente a xeografía e historia de España* (arts. 3 e 5).

No artigo 25 definía a ensinanza secundaria como “aqueles estudos necesarios para ... seguir con froito as Facultades maiores e escolas especiais”. Os artigos 28 e 32 fixaban un programa de estudos que comprendía unha combinación de linguas clásicas, linguas vivas e disciplinas científicas, enumerando as materias que se impartían nos institutos elementais e superiores.

Con relación á ensinanza das mulleres, indicaba o artigo 21 que estableceríanse “escolas separadas para as nenas onde os recursos o permitiran, acomodando a ensinanza nestas escolas ás correspondentes elementais e superiores de nenos, pero coas modificacións e na forma conveniente ó sexo”.

Este texto practicamente non tivo vixencia, pois foi derogado ós poucos días da súa promulgación como consecuencia do golpe de estado progresista do mesmo mes da súa aprobación en 1836. Non obstante, é un texto moi importante porque sinala as grandes directrices do liberalismo moderado na educación e sería despois incorporado, nas súas grandes liñas, tanto ó Plan Pidal como a Lei Moyano (De Puelles, 1991).

Segundo López del Castillo (1982), obsérvanse certos cambios significativos comparando esta regulamentación coa de 1821. En primeiro lugar a estratificación da ensinanza que se corresponde coa estratificación económica da sociedade, posto que a ensinanza primaria superior é reservada ós que a poden pagar. En segundo lugar, desaparece a ensinanza dos “dereitos e obrigas do cidadán”, aínda que, sendo o sufraxio censatario, dificilmente os cidadáns que soamente cursaren a ensinanza primaria ían a poder exercer tales dereitos. En suma, tratábase dun plan adaptado á nova estrutura da sociedade e a ideoloxía dominante.

No ano 1838 as Cortes aprobaron unha lei que autorizaba ó Goberno para elaborar un plan provisional de instrucción primaria.

O *Plan Provisional*, que duraría uns vinte anos e reproducía integramente o Plan Xeral de Instrucción Pública de 1836, sería en gran parte asumido na *Lei Moyano*. Como novidade, as referencias ás escolas de párvulos e de adultos aparecen por primeira vez na lexislación educativa española, abríndose a primeira escola de párvulos a iniciativa de Pablo Montesinos en Madrid no ano 1838.

Para a aplicación do plan dítase o *Regulamento das Escolas Públicas de Instrucción Primaria Elemental* de 1838, coñecido como o Regulamento Montesinos.

Con relación ás materias de ensinanza, o Regulamento é un pouco máis amplo que o plan provisional. En canto a métodos de ensinanza, distingue entre métodos xerais e particulares, sendo os xerais os referidos á dirección das clases e seccións, nas que se pode traballar seguindo un sistema individual, simultáneo ou mutuo (sendo auxiliado o mestre por alumnos maiores para o repaso ou corrección de alumnos de seccións inferiores).

Respecto ós métodos particulares para a ensinanza da lectura e da escritura, responden a criterios pedagóxicos innovadores que aínda hoxe manteñen o seu valor: que a lectura sexa comprensiva e que a aprendizaxe da lectura e da escritura sexa simultáneo.

É tamén innovador no referente ós libros, que poden ser elixidos polo mestre, de acordo cunha Comisión local, de entre as mellores obras a medida que sexan publicadas.

Considera como obxectivos fundamentais da educación o “aseo” e a “urbanidade” e non rexeita totalmente os castigos corporais, recomendando outros medios concretos de corrección para evitalos: colocar ó alumno separado, de pé ou xeonllos, retelo na escola por algún tempo cando xa saíran os demais, etc. (art. 34).

Con relación á idade dos alumnos, hai fixados uns límites entre os seis e os trece anos, que non quere dicir en modo algún que estean prescritos oito anos de escolaridade obrigatoria, senón un marco de permanencia na ensinanza primaria que pode ser ampliado polas Comisións Locais. Non obstante, no preámbulo afirmase que para os nenos menores deberán existir escolas de párvulos e de adultos para os maiores.

Respecto ás escolas de párvulos, di tamén o preámbulo que poden estar ó cargo das mulleres dos mestres ou de serventas idóneas, posto que “as mulleres posúen calidades para atender ós párvulos, e para servir utilmente unha escola de nenas non se necesitan grandes coñecementos” (López, 1982, p. 159).

Con relación ó ensino secundario, é entre 1837 e 1845 cando ten lugar o nacemento de feito da nova educación secundaria e a definitiva fixación das súas bases económicas e lexislativas. Destacan neste período os proxectos de Someruelos de 1838, que reproducían case textualmente o Plan do duque de Rivas de 1836; o de F. Infante de 1841, cunha certa orientación utilitario-profesional e a planificación progresista de P.Gómez de la Serna de 1843, cunha marcada orientación cara ás materias científicas.

Nun momento posterior, entre 1845 e 1857, é cando se produce a consolidación definitiva da educación secundaria pública. Este período ven marcado pola aplicación e desenvolvemento do *Plan Pidal* de 1845, de carácter humanístico-clásico que, no preámbulo, concibía a educación secundaria como “propia especialmente das clases medias” e era considerada como a “continuación da instrucción primaria” (art. 2º).

Tamén caracteriza este período a aparición sucesiva de diferentes proxectos de modificación ou reforma do Plan Pidal (proxectos de 1847, 1850, 1852 e 1855) e polo proceso de preparación, discusión e aprobación da Lei Moyano de 1857 (Viñao, 1982).

No ano 1849 creábase o Corpo de Inspectores de centros escolares, coa firma de Isabel II e do ministro de Comercio, Instrucción e Obras Públicas, Juan Bravo Murillo. Nestas datas (1999) estase a conmemorar o 150º aniversario da creación da inspección educativa.

## **6. CONSOLIDACIÓN DEFINITIVA DO SISTEMA EDUCATIVO LIBERAL: A LEI MOYANO DE 1857**

Con data 9 de setembro de 1857 e baixo un goberno conservador, promúlgase a *Lei de Instrucción Pública* ou *Lei Moyano*, que realmente non foi unha lei innovadora, posto que recollía e consolidaba moitos dos criterios xerais de organización e funcionamento dos planos anteriores, tales como a non gratuidade, o reparto territorial de competencias entre as administracións central, provincial e local e a organización da administración educativa.

Este texto divide a primeira ensinanza en elemental (doutrina cristiá, historia sagrada, lectura, escritura, gramática, aritmética e nocións de agricultura, industria e comercio, segundo as zonas) e superior (xeometría, debuxo lineal, historia, xeografía e nocións de física e historia natural).

Na ensinanza das mulleres omítese certas materias (agricultura, industria, comercio, xeometría, debuxo lineal, física e historia natural), sendo substituídas por *labores propias do sexo, debuxo aplicado ás mesmas labores e lixeiras nocións de hixiene doméstica*.

Establece que a primeira ensinanza darase, coas modificacións convenientes, ós xordomudos e cegos en establecementos especiais.

Como dato importante, fixa por vez primeira a idade de escolaridade obrigatoria, dos seis ós nove anos.

Nos artigos 14 e 15 fixaba as materias da ensinanza secundaria, recollendo unha serie de aspectos de programas anteriores dun xeito pouco coherente, aínda que as humanidades clásicas constituían o núcleo central. O artigo 2 denominaba “Bacharel en Artes” á titulación da ensinanza secundaria.

A *Lei Moyano* establece o que sería o currículo da ensinanza primaria ata finais do século, posto que a *Lei de Instrucción Primaria* do 2 de xuño de 1868 tivo unha brevísima vixencia. Como novidade, este último texto elevaba un ano a escolaridade obrigatoria, fixando a idade para a instrucción primaria dos seis ós dez anos (López, 1982).

O marco legal da Lei Moyano perduraría ata nosos días: os tres niveis educativos, a gratuidade do ensino primario, a centralización e a dualidade do sistema de ensinanza público e privado.

## 7. A RESTAURACIÓN

Dende a subida ó trono do rei Alfonso XII ata os comezos do século XX non se produciría ningunha modificación substancial na estrutura do ensino, posto que, restablecida a Lei Moyano, soamente ían darse engadidos puntuais. Así, a Real Orde do 4 de xullo de 1876 engade o *ensino da Constitución* ás materias establecidas na Lei Moyano, o Real Decreto de 4 de xullo de 1884 fixa os contidos da ensinanza nas *escolas de párvulos*, e a Lei de 8 de xullo de 1892 establece a ensinanza do *sistema métrico decimal*.

En xeral, a política educativa da Restauración transcorre nun clima de cambio político, coa alternancia no poder de conservadores e liberais. A Constitución de 1876 ratificaría no seu artigo 11 a confesionalidade do Estado, reabríndose a polémica sobre a liberdade do ensino.

Os debates e as conclusións do Primeiro Congreso Pedagóxico Nacional de 1882 facilitarían a toma dunhas medidas políticas modernizadoras: A creación do “Padroado Xeral das Escolas de Párvulos”, a reorganización da Escola Central Normal de Mestres, e a creación do “Museo Pedagóxico Nacional”. Outras medidas afectaron ás construcións escolares, á extensión do primeiro ensino obrigatorio e á equiparación dos soldos das mestras cos dos mestres (Costa, 1989).

No ano 1884 o marqués de Sardeal presentou o primeiro proxecto de confiar ó Estado o sostemento da ensinanza secundaria, que se aceptaría en 1887.

No ano 1892 prodúcese a reforma do bacharelato, coñecida como a *Reforma Groizard*, consistente en dividir os estudos da segunda ensinanza en dous: os Estudos Xerais, que proporcionarían unha cultura común a todos, e os Estudos Preparatorios, que ampliando e perfeccionando eses coñecementos facultarían para o ensino superior.

Deste período data o *Regulamento de Escolas Graduadas anexas ás Normais* de 29 de agosto de 1899 que, aínda que afectaba soamente a un reducido número de escolas, reflectía certa preocupación pedagóxica establecendo dentro do currículo o traballo manual, o canto, as excursións escolares, así como a existencia de biblioteca e museo escolar.

O Real Decreto de 26 de outubro de 1901, ou *Plan Romanones*, é importante desde o punto de vista administrativo polo feito de incluír nos orzamentos xerais do Estado o pago dos mestres e tamén polo feito de elevar en tres anos a escolaridade obrigatoria, dos seis ós doce anos.

Tamén corresponde a este período o real decreto de 17 de agosto de 1901, que reorganizaba a ensinanza media, establecendo que o bacharelato impartiríase en seis cursos e a denominación dos centros como “institutos de segunda ensinanza”.

Logo de Romanones viría unha época de grande inestabilidade política, xa que dende 1902 ata 1923 habería 39 presidentes de Goberno e 53 ministros de Instrucción Pública.

## 8. CONCLUSIONES

A ideoloxía liberal en materia de educación aparece en España como consecuencia do movemento da Ilustración e da revolución de 1789: hai unha fe na instrucción pública como instrumento principal de renovación e de reforma.

Segundo os principios do liberalismo, a educación debería ser universal, uniforme, pública, gratuíta e libre. Pero o século XIX é unha contradicción: a instrucción obrigatoria e gratuíta é unha pesada carga financeira para o Estado español, as reformas sen acompañamento orzamentario non teñen un camiño doado; a liberdade choca coa posición da Igrexa, como di Ivonne Turín (1967) “a historia escolar é un dos mellores exemplos do xogo esterilizante das forzas liberais e conservadoras na España do século XIX ... o problema do reparto entre os dereitos do Estado sobre os cidadáns e as prerrogativas da Igrexa sobre os seus fieis non está resolto”.

A situación educativa española “ofrecía no seu conxunto un dos panoramas máis calamitosos observables daquela entre as nacións europeas” (Costa, 1989, p. 37). Máis de once millóns de habitantes eran analfabetos en 1860.

No século XIX houbo tanta ou máis lexislación sobre educación en España que no resto dos estados europeos pero, aínda cunha educación obrigatoria e gratuíta, a poboación analfabeta seguía a ser dun 63 por cento no ano 1900. O desnivel entre a intensa labor lexislativa e a súa aplicación práctica é a consecuencia da inaplicabilidade das leis aprobadas polas Cortes e da propia inercia da poboación (Turín, *O. Cit.*).

Non obstante, no último cuarto do século, certas institucións e organismos contribuíron a que os poderes públicos e a propia opinión pública cuestionasen e descubriaran os problemas que era preciso resolver, comprender a importancia da ensinanza primaria, da ensinanza técnica e científica e tamén da feminina. Ivonne Turín sinala como suscitadores deste despertar á Institución Libre de Ensinanza e, particularmente, Francisco Giner e M. Bartolomé Cossío (Turín, *O. Cit.*).

## BIBLIOGRAFÍA

- COSTA RICO, A.** (1989): *Escolas e mestres. A Educación en Galicia: da Restauración á II República*. Santiago, Servicio Central de Publicacións. Xunta de Galicia.
- DE PUELLES BENÍTEZ, M.** (1991): *Educación e ideoloxía en la España contemporánea*. Madrid, Labor.
- LOPEZ DEL CASTILLO, M.T.** (1982): *Planes y programas escolares en la legislación española, Bordón*, maio-xuño, pp. 127-202.
- LUZURIAGA, L.** (1916): *Documentos para la historia escolar de España*. Madrid, Labor.
- RUIZ BERRIO, J.** (1970): *Política escolar de España en el siglo XIX (1803-1833)*. Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- SOLÉ TURA, J., E E. AJA,** (1992): *Constituciones y períodos constituyentes en España (1808-1936)*. Madrid, Siglo XXI Ed.
- TURÍN, I.** (1967): *La educación y la escuela en España de 1874 a 1902*. Madrid, Aguilar.
- VIÑAO FRAGO, A.** (1982): *Política y educación en los orígenes de la España contemporánea*. Madrid, Siglo XXI Ed.